



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A regulación da intelixencia artificial: sistemas e datos. Regulación da normativa europea, estatal e autonómica

CONVOCATORIA: Curso monográfico A regulación da intelixencia artificial: sistemas e datos. Regulación da normativa europea, estatal e autonómica

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	9
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 03/10/2025 - 09:00h ao 13/10/2025 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso monográfico ten como obxectivo analizar o marco normativo da intelixencia artificial desde unha perspectiva europea, estatal e autonómica, con especial atención á lexislación galega recentemente aprobada. A través de relatorios impartidos por expertos/as en dereito administrativo, abordaranse os principios éticos e xurídicos que deben rexer o uso da intelixencia artificial, a súa aplicación na Administración pública, as medidas de impulso e a súa gobernanza, a contratación pública e a formación de empregados/as e cidadanía, nun contexto de transformación dixital responsable e segura.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; da Administración local; da Administración de xustiza; das universidades do Sistema universitario de Galicia; xuristas, profesionais, alumnado universitario e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Contidos:

- O Regulamento (UE) 2024/1689, polo que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial.
- Os principios xerais para asegurar unha intelixencia artificial ética e fiable.
- A gobernanza da intelixencia artificial.
- O uso de sistemas de intelixencia artificial e modelos de intelixencia artificial de uso xeral no seo das administracións públicas.
- A planificación, xestión e colaboración administrativa no campo da intelixencia artificial.
- As medidas para o impulso da intelixencia artificial, en especial en Galicia.
- Os dereitos da cidadanía e as súas garantías, en especial as persoas comisionadas de intelixencia artificial.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas, de acordo co establecido nas bases terceira e quinta desta resolución para as persoas destinatarias e número de prazas, respectivamente.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 16/10/2025 a 17/10/2025

NUM. PRAZAS: 280

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

LORENZO COTINO HUESO

RUBÉN MARTÍNEZ GUTIÉRREZ

MARTIN M^a RAZQUIN LIZARRAGA

Patricia Valcárcel Fernández

AGUSTÍ CERILLO MARTÍNEZ

MARIA JOSE ROCA FERNÁNDEZ

MATILDE CARLÓN RUIZ

MARCOS ALMEIDA CERREDA

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 16 de outubro de 16:15 a 19:00. O día 17 de outubro de 09:30 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA